

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2018

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e nove de novembro de dous mil dezaioito, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten don Manuel Roel Hernández-Serrano, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1^o do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de novembro de 2018, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201811291902020000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 13 de setembro de 2018, con carácter supletorio da correspondente ao 30 de agosto de 2018; á sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2018; á sesión ordinaria do día 25 de outubro de 2018; e á sesión extraordinaria do día 5 de novembro de 2018

Acceso á videoacta: Minuto 00:00:31

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 13 de setembro de 2018, celebrada con carácter supletorio da correspondente ao 30 de agosto de 2018; á sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2018; á sesión ordinaria do día 25 de outubro de 2018; e á sesión extraordinaria do día 5 de novembro de 2018.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións:

- vinte concelleiros na sesión ordinaria do día 13 de setembro de 2018, celebrada con carácter supletorio da correspondente ao 30 de agosto de 2018 [os seis concelleiros do PP; os catro concelleiros de UxC que se relacionan: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]

- dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2018 [os cinco concelleiros do PP que se relacionan: don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe; os catro concelleiros de UxC que se relacionan: don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito].
- os vinte e un concelleiros que compoñen a Corporación na sesión ordinaria do día 25 de outubro de 2018 e na sesión extraordinaria do día 5 de novembro de 2018.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Aprobación, se procede, da prórroga do contrato para a concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e O Temple

Acceso á videoacta: Minuto 00:01:08

Vista a proposta de Alcaldía do día 16 de novembro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

«Con data do 30 de xuño de 2005, asinouse coa entidade “HEBE SPORT, S.L.” un contrato para a concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e O Temple (Expediente: 2004/25-1 CON.O. P.).

Na cláusula quinta do contrato, e cláusula decimo sétima do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese que a duración do contrato, será de dez anos, contados desde o día seguinte á súa formalización, e poderá ser obxecto de prórrogas que no seu conxunto non poderán exceder doutros cinco anos, logo do acordo expreso adoptado polo órgano de contratación, a petición do adxudicatario antes da finalización do contrato principal, e, posteriormente, á finalización de cada período de prórroga. Continúa a cláusula quinta indicando que “Este prazo concesional poderá, non obstante, ampliarse ou reducirse nos supostos previstos no art. 248 do TRLCAP, sen que a súa duración máxima total poida superar os quince anos”.

O Pleno do Concello de Cambre, na súa sesión de data 21 de maio de 2007, acordou modificar o contrato, afectando esta modificación, entre outros aspectos, á ampliación do prazo principal de duración da concesión, no sentido de ampliar o período de duración do contrato principal a doce anos, o que leva consigo que **o contrato suscrito abarcaba, no seu período principal, ata o día 30 de xuño de 2017 incluído**. O contrato modificado foi asinado coa entidade adxudicataria o 29 de maio de 2007, sendo posible a súa prórroga nos termos establecidos inicialmente, e respectando o prazo total máximo de duración de quince anos, (é dicir, **como máximo, ata o 30 de xuño de 2020**).

O Pleno do Concello de Cambre, na súa sesión ordinaria do día 25 de maio de 2017, adoptou o acordo de prorrogar o contrato ata o 30 de xuño de 2018 incluído, e posteriormente, na súa sesión ordinaria do día 31 de maio de maio de 2018, adoptou o acordo de prorrogar, ata o **31 de decembro de 2018 incluído**, o contrato suscrito coa entidade “HEBE SPORT, S.L.” para a concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e O Temple (Expediente: 2004/25-1 CON.O. P.), esto sen prexuízo de que, antes do vencemento deste prazo, se puidese adoptar unha nova prórroga.

Con data do 13 de novembro de 2018, preséntase escrito por don Roberto Villarnovo Suárez, en representación da entidade adxudicataria “HEBE SPORT, S.L.” rexistrado de entrada ao número 201890000002733, no que se solicita se prorrogue o referido contrato ata o 30 de xuño de 2019.

Con data do 15 de novembro de 2018 emítase informe polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, favorable a prórroga, xustificando en que se atopa en fase de preparación o expediente para a adxudicación dun novo expediente de concesión do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado (Cambre), Temple e Castros do Bosque (Cecebre), e que o complexo deportivo da Barcala é a instalación máis complexa e importante, coa oferta de programas deportivos de natación, actividades físicas dirixidas e actividade cardiovascular e de acondicionamento físico, e debido á existencia de

razóns de interese público para ampliar o período concesional como máximo ata o 30 de xuño de 2019.

Vista a Providencia dictada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, de data 15 de novembro de 2018, na que solicita informe da técnica de xestión de Administración xeral, sobre o estado do expediente e prazos de adxudicación dun novo contrato.

Visto o informe favorable á prórroga, emitido pola técnica de xestión de Administración xeral con data do 16 de novembro actual, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Tendo en conta que a entidade adxudicataria do actual contrato está solicitando en prazo a prórroga permitida polo prego que contén as condicións definidoras dos dereitos e obrigas das partes do contrato, e que o expediente de contratación tramitado contou cos preceptivos informes favorables respecto do cumprimento da normativa vixente no momento da súa incoación e modificación (informes de datas 14 de outubro de 2004 –expediente contractual-, e 18 de maio de 2007 –acordo de modificación).

Tendo en conta, así mesmo, que o órgano competente para acordar o presente acordo de prórroga é o Pleno da Corporación, por lle corresponder a competencia para as contratacións plurianuais cando a súa duración exceda de catro anos e para a adopción do acordo de prórroga, segundo establecen o artigo 29.2 e maila Disposición Adicional Segunda, punto 2, da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Tendo en conta o establecido na cláusula quinta do contrato principal, cláusula terceira do contrato modificado, e cláusula decimo sétima do prego de cláusulas administrativas particulares, e á vista de que xa se atopa en fase de preparación o expediente nº 2018/C006/000001, para contratación da concesión do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado (Cambre), Temple e Castros do Bosque (Cecebre), propoño ao Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Prorrogar ata o **30 de xuño de 2019 incluído**, o contrato subscrito coa entidade “HEBE SPORT, S.L.” para a concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e O Temple (Expediente: 2004/25-1 CON.O. P.), ao abeiro do establecido na cláusula quinta do contrato principal, cláusula terceira do contrato modificado, e cláusula decimo sétima do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e sen prexuízo de que antes do vencemento deste prazo se poida producir a adxudicación do novo expediente nº 2018/C006/000001 que se atopa en fase de preparación, o que levará consigo o remate da prórroga, previa comunicación á entidade.

Segundo: Notificar o presente acordo á entidade “HEBE SPORT, S.L.”, con CIF.: B15890809 e enderezo na rúa Venezuela nº 3, 3º esquerda, Sada (A Coruña), facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalgo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que o ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar ao departamento de Deportes, e máis á Intervención municipal, para os efectos oportunos.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultural, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 22 de novembro de 2018.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta: Minuto 00:04:49

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta: Minuto 00:04:51

Única. Declaración institucional en conmemoración do 25 de novembro de 2018, Día internacional da eliminación da violencia contra a muller

A secretaria xeral dá lectura á declaración que consta do seguinte teor literal:

“O Concello de Cambre mostra o seu compromiso cos principios de igualdade, seguridade, liberdade, integridade e dignidade inherentes a todos os seres humanos e, ano tras ano, manifestamos a nosa máis absoluta repulsa ante calquera forma de violencia e intimidación.

En consecuencia, con motivo da conmemoración do Día internacional da eliminación da violencia contra a muller, amosamos a nosa solidariedade e sentir con todas as persoas que, de forma directa ou indirecta, son vítimas dunha lacra enraizada no máis profundo da nosa sociedade.

Unha sociedade que, aos seus 40 anos de democracia, aínda non ten sido capaz de acadar a igualdade real entre homes e mulleres.

Cando se contan por miles as vítimas que sofren cada día o quebranto da maior violación dos dereitos humanos, o Concello de Cambre reafirma a súa repulsa ante cada unha das manifestacións machistas, por inofensivas que parezan, así como a nosa condena ás agresións e aos asasinatos que fracturan a paz nos nosos territorios.

Poñémonos ao lado dos que suplican e reclaman, dende a desesperación, estratexias de sensibilización e prevención, atención, asesoramento, acompañamento e protección, sempre dende perspectivas integrais, que as liberen da ameaza e do horror e facemos un chamamento para que sexamos capaces de avanzar no cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, folia de ruta obrigada e compromiso ineludible coa cidadanía.

O Concello de Cambre reafirma o seu compromiso para seguir impulsando políticas que garantan os dereitos das mulleres e dos menores co obxectivo de conseguir unha sociedade libre de medo e para isto:

- **Primeiro:** Sumámonos a todas as voces que reclaman o fin da violencia de xénero, obstáculo insalvable no camiño cara a unha sociedade na que homes e mulleres vivan en liberdade e igualdade real.
- **Segundo:** Esiximos a aplicación das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, por ser o resultado do máximo consenso político e técnico, itinerario inherente á construción dunha sociedade madura e autónoma.
- **Terceiro:** Lembramos que o asasinato é a última manifestación atroz da violencia de xénero pero que comeza moito antes, agochándose detrás de feitos sociais aceptados e fundamentados en crenzas e comportamentos con base estrutural e cultural; situacións, todas elas, que alimentan unha desigualdade real entre mulleres e homes que se traslada nunha relación de subordinación e subsidiariedade dunhas respecto a uns e que fractura a convivencia e a paz dunha sociedade que clama por un futuro sen medo.
- **Cuarto:** Recoñecemos os avances que as administracións vimos realizando en prol da sensibilización dos que continúan instalados en estereotipos desfasados e arcaicos e compráenos ser testemuñas do incremento de voces que chaman e esixen o fin dun despropósito que se está a cobrar incontables vidas.
- **Quinto:** Destacamos a necesidade de educar en igualdade e diriximos a mirada cara ás xeracións futuras; é vital desterrar os roles sexuais e erradicar as actitudes e comportamentos normalizados e consentidos que, instalados na vida diaria, reproducen e perpetúan a desigualdade, orixe da violencia de xénero. Esta é unha responsabilidade conxunta e, polo tanto, a solución debe ser compartida.
- **Sexto:** Agradecemos a solidariedade de todas esas persoas anónimas que amosan as súas condolencias e acompañan os minutos de silencio e fixamos a mirada nos que, ademais, se esforzan por debilitar a multitude de microviolencias e sistemáticas que sustentan relacións baseadas no trato desigual.
- **Sétimo:** Reafirmamos o noso compromiso cos dereitos fundamentais da infancia e poñemos de manifesto, novamente, a nosa repulsa e preocupación polo aumento de menores asasinados a mans dos seus pais como instrumento de control e de poder sobre as mulleres.
- **Oitavo:** Comprometémonos a implementar todas as medidas de coordinación interadministrativa para protexer, defender e liberar ás mulleres e menores vítimas da violencia de xénero.”

Sometida a declaración a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta: Minuto 00:09:56

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON con motivo do 25 de novembro, Día internacional contra a violencia machista. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González

Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Única. Moción do grupo municipal de ACdC-SON con motivo do 25 de novembro, Día internacional contra a violencia machista

Acceso á videoacta: Minuto 00:12:21

Presentada a través do Rexistro Electrónico Común o día 23 de novembro de 2018, foi rexistrada de entrada no concello co núm. 900/2865 o día 26 de novembro de 2018.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“Calquera sociedade democrática debe protexer á súa cidadanía e impulsar valores de respecto, igualdade e convivencia, e vemos como as institucións do Estado español fallamos ás nosas mulleres, que son asasinadas, violadas, explotadas sexualmente, discriminadas e invisibilizadas.

Temos a obriga de responder coa mesma dignidade e forza que as mulleres que saen á rúa cada 25 de novembro gritando ¡Nin unha Menos!

Debemos levar as súas esixencias ás políticas locais, sen fisuras, dende unha perspectiva integral e unha estratexia global, xa que as violencias atópanse en todos os ámbitos da vida. Son necesarias medidas reais e urxentes contra a violencia machista, con orzamento, dotación económica, material e recursos humanos, que sexan revisables e avaliábeis, que incorporen todos os tipos de violencia contra as mulleres (física, psicolóxica, económica, sexual, reprodutiva, ...) e en calquera que sexa o seu ámbito de manifestación (familiar, parella/relación, laboral, social, institucional) nas que deben traballarse e envorcarse especificamente actuacións dirixidas a situacións de especial vulnerabilidade.

O ámbito municipal, máis próximo á cidadanía, é o marco idóneo para incidir de xeito decisivo na vida das mulleres e dar unha mensaxe clara e contundente contra a violencia machista, por iso a dotación do Pacto do Estado parécenos insuficiente para levar a cabo unha verdadeira loita contra a violencia machista e hai que buscar os medios de loitar e atender con dignidade e eficiencia a violencia machista.

Por todo iso, o Pleno do Concello de Cambre comprométese a:

Primeiro: Dar conta ao Pleno do Concello de Cambre da implantación, seguimento e estatísticas das medidas acordadas o ano 2017 en relación á violencia machista e comprometidas na moción aprobada en pleno ordinario do mes de novembro, así como no Plan de Igualdade en vigor.

Segundo: Realizar unha Declaración de concello libre de violencia machista. A dita declaración non pode quedarse nunha manifestación formal, debe ter novamente unha dimensión real e cuantificable que se concrete en propostas adecuadamente orzamentadas.

Terceiro: Impedir que na programación municipal de actividades sociais, culturais, lúdicas, deportivas, festivas e de toda índole haxa contidos sexistas que atenten contra a dignidade das mulleres, erradicando a hipersexualización e cosificación das mulleres nos espazos públicos.

Cuarto: Implantar un protocolo de actuación contra a violencia machista no seo do concello.

Quinto: Dotar de recursos económicos aos clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e agrupacións deportivas escolares que non discriminen por razón de sexo nos seus premios ou recoñecementos que se outorguen a persoas deportistas.

Sexto: Desenvolver políticas encamiñadas á abolición da prostitución, como forma extrema de violencia machista. Executando políticas activas para erradicar todas as formas que teña relación coa explotación sexual, con especial atención ás ordenanzas de publicidade e todas aquelas que de forma directa ou indirecta permitan ou faciliten o desenvolvemento de actividades encamiñadas á devandita explotación.

Sétimo: Rexeitar calquera ordenanza municipal que estea inspirada en posturas prohibicionistas, e que por conseguinte penalicen ás mulleres en situación de prostitución.

Oitavo: Rexeitar calquera proposta dirixida á legalización dos ventres de alugueiro e colaborar activamente en calquera proposta dirixida á erradicación deste novo xeito de explotar os corpos de mulleres pobres, así como á compravenda de crianzas.

Noveno: A eliminar a publicidade discriminatoria ou denigrante das mulleres, ben dende os soportes, publicacións ou transportes públicos (marquesiñas, autobuses, taxis, guías ou información turística), ben non contratando con medios privados que a manteñan ou potencien.

Décimo: Que as presentes medidas e propostas sexan asumidas dende a dotación suficiente para ser levadas a cabo."

Faise constar que dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), solicita que conste en acta a petición dirixida á voceira do grupo municipal de ACdC-SON, para que retire da acta os dous insultos que se fixeron contra dúas persoas, chamando a unha fascista e a outra ignorante.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, contesta que non foi a dúas persoas. Di que ignorante chamoullo a Arrimadas e fascista chamoullo ao partido, e non retira as súas palabras.

Sometida a moción a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). E abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández).

O Pleno municipal, por dez votos en contra, rexeita a moción presentada por ACdC-SON.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta: Minuto 00:32:38

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 695/2018, do 28 de marzo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

“**Primeiro:** Aprobar a liquidación do orzamento de 2017 da que se deducen, entre outros, os seguintes datos:

Orzamento de gastos	Euros
Créditos iniciais	16.617.004,18
Modificacións	3.733.040,65
Créditos definitivos	20.350.044,83
Gastos comprometidos	17.179.597,11
Obrigas recoñecidas netas	16.756.693,00
Pagamentos ordenados	16.547.212,05
Pagamentos realizados	15.606.283,49
Obrigas pendentes de pago a 31/12	1.150.409,51
Remanentes de crédito	3.593.351,83

Orzamento de ingresos	Euros
Previsións iniciais	16.617.004,18
Modificacións	3.733.040,65
Previsións definitivas	20.350.044,83
Dereitos recoñecidos	17.259.101,18
Dereitos anulados	11.089,71
Dereitos cancelados	0,00
Dereitos recoñecidos netos	17.248.011,47
Recadación neta	15.642.841,33
Dereitos pendentes de cobro a 31/12	1.605.170,14
Exceso de previsión	3.102.033,36

Outros datos resumo de especial interese:

- debedores pendentes de cobro a 31/12, 2.167.426,19 euros.
- acredores pendentes de pagamento a 31/12, 1.665.317,67 euros.
- resultado orzamentario axustado do exercicio, 1.516.083,57 euros.
- remanente de tesourería total, 4.870.374,30 euros.
- exceso de financiamento afectado, 394.975,68 euros.
- remanente de tesourería para gastos xerais, 3.205.575,36 euros.
- capacidade de financiamento, 1.326.837,94 euros.
- aforro neto, 2.261.226,40 euros.

Segundo: Remitir copia da liquidación do Orzamento do exercicio 2017 á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remisión que se realizará unicamente a través do Rexistro Telemático Único da Administración da Xunta de Galicia mediante a aplicación dispoñible no portal da Xunta de Galicia www.eidolocal.com, e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas mediante a súa rendición telemática a través da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

Terceiro: Comunicar a resolución ó pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2228/2018, do 2 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Que durante a ausencia de dona María Dolores Blanca García Fernández, dende o día 3 ao día 21 de decembro de 2018, ambos os dous incluídos, os servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo sobre os que ostenta delegación especial sexan exercidos por esta Alcaldía, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 1841/2016, do 18 de novembro.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, dona María Dolores Blanca García Fernández continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2258/2018, do 8 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Durante a ausencia de dona María Dolores Blanca García Fernández, os días 17 e 18 de novembro, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial, serán exercidas por este alcalde en funcións, por canto a Alcaldía ten reservado a área de Presidencia, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na citada delegación especial, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 446/2016, do 18 de marzo.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, dona María Dolores Blanca García Fernández continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2359/2018, do 19 de novembro, que consta do seguinte teor literal:

“Por Resolución desta Alcaldía núm. 447/2016, do 18 de marzo, efectuouse a delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local tal e como consta na parte dispositiva que se transcribe a continuación:

“**Primeiro:** Delegar na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións desta Alcaldía que a continuación se relacionan:

1. As competencias como órgano de contratación respecto de:

- os contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

- a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos administrativos do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Esta competencia delegada levará aparellada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra partidas orzamentarias cuxa xestión lles corresponda, en virtude do establecido no artigo 109.5 e 110 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público e, en xeral, todos aqueles actos e trámites que a normativa vixente atribúe ao órgano de contratación.

2. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

3. A aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

4. A devolución de garantías de todo tipo de contratacións e concesións que deriven de asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, corresponden a esta Alcaldía o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas no uso das facultades delegadas.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, e déase conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, isto sen prexuízo de que a delegación efectuada a prol da Xunta de Goberno Local surtirá efecto dende o día seguinte á data desta resolución.”

Na práctica administrativa, compróbase que a aprobación das certificacións de obra por órgano de goberno distinto a aquel que resulta competente para o recoñecemento e liquidación das obrigas correspondentes, esta alcaldía, dilata o procedemento de aprobación, dado os prazos que han de transcorrer entre a convocatoria e a celebración da sesión da Xunta de goberno local, constatándose que, de forma reiterada, a inclusión dos asuntos relativos á aprobación das certificacións de obra se realiza con carácter de urxencia fóra da orde do día, sendo incluso necesaria a celebración de sesións extraordinarias e urxentes da xunta de goberno, por mor de non ser posible esperar a celebración da seguinte sesión ordinaria ante a finalización dos prazos de xustificación dalgunha subvención. Posteriormente ha de tramitarse un novo procedemento na intervención municipal para a aprobación das facturas que corresponda, o que incrementa ademais o período de pago a provedores.

Esta situación vai en contra dos principios xerais de eficacia, economía e eficiencia que deben rexer na actuación das administracións públicas, artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como dos principios de celeridade e simplificación administrativa na ordenación dos procedementos segundo o establecido nos artigos 71 e 72 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Polo tanto, tendo en conta o establecido no artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local respecto das atribucións que o alcalde pode delegar.

Visto o establecido no artigo 47 e seguintes do Regulamento orgánico municipal respecto da delegación de atribucións por parte desta Alcaldía, a súa modificación posterior, e o procedemento a seguir.

Facendo uso das citadas atribucións, **RESOLVO:**

Primeiro: Queda reservada a esta Alcaldía a competencia para a aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 51 do Regulamento orgánico municipal respecto da modificación das delegacións, publicar esta resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, tendo en conta que a modificación será efectiva dende o momento da posta en coñecemento á Xunta de Goberno Local.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2396/2018, do 22 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Elisa Pestonit Barreiros dende o día 24 de decembro de 2018 ao 7 de xaneiro de 2019, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2 Rogos

Acceso á videoacta: Minuto 00:34:58

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/8316 o día 26 de novembro de 2018.

1º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 00:35:01

Lee o rogo dona M^a Jesús González Roel.

Entre os moitos indicadores que se utilizan para medir o nivel de vida das nosas cidades e pobos, atópase a posibilidade de que os estudantes máis pequenos poidan facer o camiño entre os seus fogares e as escolas de forma autónoma e segura. O mal deseño das superficies, o inadecuado trazado dos percorridos, a sinalización ineficaz e as elevadas densidades de tráfico rodado dificultan que os escolares circulen con seguridade e incluso poden formarse, en ocasións, auténticos “puntos negros” de perigo manifesto para os máis pequenos.

Para paliar os ditos problemas, é necesario deseñar unha rede de acceso aos centros escolares na que se inclúan sendas claramente sinalizadas e diferenciadas, que guíen aos seus usuarios por trazados libres de obstáculos, visibles e máis seguros.

Neste aspecto, foron numerosas as queixas recibidas polo Grupo Municipal Popular respecto das sendas escolares seguras establecidas no centro de Cambre. Como se pode apreciar nas fotografías que se achegan co presente rogo, as ras pintadas nas beirarrúas de Cambre coas que se indica aos nosos escolares por onde cruzar de forma segura, foron colocadas en zonas sen pasos de peóns, ou con pasos de peóns borrados ou escondidos tralos contedores de lixo ou en lugares que non salvan os obstáculos existentes.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite da concelleira de Seguridade Cidadá se corríxan, á maior brevidade posible, as deficiencias observadas, posibilitando que as sendas escolares instaladas en Cambre sexan realmente seguras.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 00:38:22

Lee o rogo don Juan M^a Abalo Castex.

A violencia de xénero é un dos principais problemas a afrontar pola sociedade actual. As súas consecuencias inciden, entre outros, no ámbito da saúde, laboral, económico e familiar; polo que a resposta integral a esta eiva social require necesariamente a coordinación entre os diferentes ámbitos e profesionais intervinientes, como condición indispensable para unha atención de calidade ás mulleres que padecen situacións de violencia, así como todo o seu círculo familiar, fundamentalmente os menores que conviven coas vítimas. Medidas que deben dirixirse principalmente á prevención, represión, atención e reparación ás vítimas.

Neste mesmo sentido, o artigo 32 da Lei orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de medidas de protección integral da violencia de xénero, recolle que: *“1. Os poderes públicos elaborarán plans de colaboración que garantan a ordenación das súas actuacións na prevención, asistencia e persecución dos actos de violencia de xénero, que deberán implicar ás administracións sanitarias, á Administración de Xustiza, ás Forzas e Corpos de Seguridade e aos servizos sociais e organismos de igualdade.*

2. En desenvolvemento dos ditos plans, articularanse protocolos de actuación que determinen os procedementos que aseguren unha actuación global e integral das distintas administracións e servizos implicados, e que garantan a actividade probatoria nos procesos que se sigan.”

Por iso, resulta de especial importancia a creación, a través das entidades locais, como administracións máis próximas aos cidadáns, de mesas de coordinación interinstitucional para a prevención da violencia de xénero, coa finalidade de traballar a prevención e intervención específica en situacións de violencia; que as vítimas e os seus fillos reciban unha resposta sen contradicións, evitando a desorientación e a dobre vitimización, así como a

inmediata e coordinada intervención de todos os profesionais intervinientes antes supostos concretos de violencia.

Neste sentido, non é a primeira vez que o Grupo Municipal Popular interesa do Goberno local de Cambre a necesidade de reinstaurar a Mesa de coordinación interinstitucional para a prevención da violencia de xénero de Cambre. Comisión creada por acordo plenario do 27 de maio de 2010, coa finalidade de coordinar as medidas contra a violencia de xénero, así como aos diferentes axentes sociais e forzas de seguridade intervinientes e fiscalizar as medidas postas en marcha. Mesa de coordinación que desapareceu co goberno actual, xa dende comezos desta lexislatura.

De aí que o Grupo Municipal Popular solicite do equipo de goberno que se adopten, á maior brevidade posible, as medidas necesarias para a reinstauración da Mesa de coordinación interinstitucional para a prevención da violencia de xénero en Cambre.

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, rexeita que a Mesa de coordinación teña desaparecido e informa da celebración da próxima reunión.

3º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 00:43:30

Lee o rogo dona Marta M^a Vázquez Golpe.

Son numerosos os veciños de Cambre que se queixan da falta de pago, ás alturas do ano na que nos atopamos, das axudas proporcionadas polo noso concello ás distintas asociacións e colectivos. Sobre todo tendo en conta que unha parte importante dos seus gastos e actividades dependen do pago delas polo noso concello, non explicándose cal é o problema que existe para que, finalizando o ano 2018, aínda non se teña aboado o pago das axudas municipais do exercicio 2017.

De aí que, descoñecendo cal é o problema existente, dende o Grupo Municipal Popular se interesa do equipo de goberno de Cambre que se adopten as medidas necesarias para levar a cabo, á maior brevidade posible, o pagamento das mencionadas axudas.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, acepta o rogo.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 27 de novembro de 2018, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/2880 o mesmo día 27, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Faise constar que, dado que estes rogos non se teñen presentado no prazo de dous días de antelación ao de realización da sesión ordinaria, tal e como establece o artigo 115.1.f) do Regulamento orgánico municipal, dáse lectura aos rogos para xeral coñecemento, se ben serán contestados na vindeira sesión que teña lugar.

1º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 00:51:15

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Unha vez máis, veciños/as da rúa Miguel González Garcés, trasladaron ao noso grupo que na beirarrúa fronte ao parque infantil do Carballo hai unhas tapas de rexistros que non están ben axustadas producindo ruidos molestos cando se pisa enriba delas.

Pregamos realicen as xestións oportunas para corrixir o problema e comuniquen o cumprimento do rogo ao noso grupo municipal.

2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 00:51:47

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Xa supera os dous anos que o noso grupo ten presentado esta mesma petición que hoxe reiteramos, tendo en conta que durante todo este tempo o Goberno fixo oídos xordos.

Non cesaron as queixas de numerosos usuarios e veciños, máis ben o contrario, sendo cada vez maiores. Se á desatención do Goberno lle engadimos as queixas dos veciños e que o tema de que se trata afecta directamente á seguridade viaria, dende o noso grupo municipal vémonos na responsabilidade de urxir e reiterar esta petición.

Falamos novamente do estado de perigo e inseguridade que se produce no camiño que transcorre entre a estrada CP-1704 Brexo a Sta. Mª de Vigo CP-1704, presentando zonas que comportan perigo para a circulación rodada e peonil (sobre todo na proximidade do río Brexa).

Polo exposto, pregamos ao Goberno corrixan esta situación de perigo, coa instalación de biondas de seguridade nas marxes da estrada.

3º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 00:52:49

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Recentemente vimos de aprobar varias iniciativas relacionadas coa vivenda social en Cambre, así como relativas á problemática na que se atopan inmersas varias familias do noso concello residentes no edificio sito na Patiña, como consecuencia da inexistencia de vivenda social no noso concello e a ausencia de políticas orientadas á súa consecución por parte do actual goberno, a pesar de ter iniciativas aprobadas a este respecto dende hai anos.

Unha desas iniciativas recentemente aprobadas foi unha declaración institucional suscrita e apoiada por todos os grupos. Na dita declaración chegouse a unha serie de acordos entre os que se contemplaba unha reunión de urxencia coas administracións estatal e autonómica, solicitar un informe legal ao gabinete xurídico da Deputación sobre a situación da propiedade do inmovible, esixir a urxente renovación dos alugueres na Patiña, solicitar que a Xunta poña a disposición das familias que o necesiten alugueres sociais, o estudo de medidas legais contra calquera empresa que leve a cabo políticas especulativas en Cambre e esixir á Xunta de Galicia e Estado que poñan en marcha un mecanismo urxente de recolocación nos casos necesarios.

Pasado un mes, e tendo en conta que en varios destes puntos incluímos o termo urxente, aínda non temos coñecemento do estado de tramitación destes puntos, polo que invitamos ao Goberno que aproveite esta sesión plenaria para informarnos a todos os presentes sobre o punto de xestión no que nos atopamos en cada un dos acordos.

Na mesma sesión aprobouse unha moción presentada polo grupo da ACdC con varios acordos ás que se sumaron dous máis doutro grupo.

Dos acordos adoptados queremos facer mención aos seguintes:

Primeiro: Realizar as xestións oportunas coa Xunta de Galicia para colaborar no Programa de vivendas baleiras.

Terceiro: Por en marcha a primeira fase dun Plan municipal dirixido a vivendas de alugueiro social.”

Estes compromisos foron adoptados coa abstención do equipo de goberno.

Días despois foi celebrado un pleno extraordinario relativo nun dos seus puntos a este mesmo tema. Naquel pleno o grupo propoñente formulou a seguinte medida:

“Proposta de asunción polo Concello de Cambre das competencias propias en materia de promoción e xestión de vivenda de protección pública, recollida no artigo 25.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e en particular do compromiso de adherirse á maior brevidade posible ao Programa de vivendas baleiras da Xunta de Galicia”

O equipo de goberno no seu conxunto votou en contra deste punto, tendo en conta que poucos días antes coa súa abstención permitiron que esta mesma petición se aprobara, e eles se comprometeran con todos os veciños e veciñas a levar a cabo o cumprimento desa iniciativa.

As faltas de coherencia e o costume de prometer unha cousa e facer a contraria é unha constante do actual equipo de goberno, pero nesta situación, que entendemos debe ser de total respecto e seriedade cara ao que é un grave problema no noso concello, requirimos ao Goberno que comece a comportarse dun xeito profesional e respectuoso. Non entendemos como se pode votar unha cousa e a contraria sendo os máximos representantes desta institución.

Pregamos:

Sexan iniciadas as actuacións precisas para dar cumprimento aos acordos adoptados polo conxunto desta Corporación, e particularmente polos membros do equipo de goberno no relativo aos acordos adoptados no pleno ordinario de outubro respecto da moción de ACdC.

Rogos de C's presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/702 o día 26 de novembro de 2018.

1º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 00:57:01

Lee o rogo dona M^a José García Hidalgo.

A regulación do xogo en España posúe unha fragmentación territorial que ten suposto unha variabilidade normativa e que ten levado a que algunhas comunidades estean altamente avanzadas na regulación da ordenación do xogo e a prevención de condutas aditivas, mentres outras parecen terse quedado descolgadas. Se ben, somos conscientes de que existe unha competencia estatal en materia de xogo, que ten que ser exercida polo Estado en nome do interese xeral e, ademais, consideramos que é o mesmo Estado o que debe velar porque as diferentes normativas autonómicas se actualicen, especialmente en materia de prevención de condutas aditivas.

En Galicia a norma que regula o xogo ten 33 anos, é de cando só había bingos, casinos e máquinas comecartos. O mundo do xogo ten cambiado e as apostas incrementáronse en calquera deporte ou disciplina mediante Internet. A Xunta de Galicia constituíu a principios deste mes un grupo de traballo da Comisión do Xogo, unha mesa de traballo que redactará unha nova norma acorde coas demandas actuais e avances tecnolóxicos.

Segundo o director xeral de Emerxencias e Interior, esta nova norma busca regular medidas de control que eviten situacións de risco para os menores e prioricen a prevención ante a sanción.

Á espera desta nova normativa existe gran preocupación polas apostas, o xogo online e sobre todo a posibilidade de que os menores accedan a actividades prohibidas, así como tamén a que a mocidade acceda a determinados locais con risco de caer en condutas aditivas.

O estudo e análise dos factores de risco do trastorno de xogo en poboación clínica española do ano 2017, coordinado pola Dirección Xeral de Ordenación do Xogo, proporciona información e conclusións interesantes en relación cos perfís psico-sociais máis afectados polos trastornos na actividade de xogo, tanto en homes como en mulleres, así como os principais predictores da severidade e afectación do dito trastorno.

A radiografía que arroxa este estudo en canto ao perfil dos xogadores problemáticos no noso país é o dun home solteiro, activo laboralmente, que non dispón de axudas sociais, que presentou un inicio precoz da conduta de xogo e padece problemas relacionados coa saúde. O informe sinala que a media de idade de inicio no xogo no noso país é aos 21 anos, téndose iniciado no xogo o 36% dos enquisados antes dos 18 anos.

Segundo a Asociación Española de Empresarios de Salóns de Xogo e Recreativos (ANESAR), na súa memoria 2018, o xogo é un negocio rendible que crece anualmente no noso país. Segundo os datos que arroxa a súa última memoria, o número de casas de apostas téñense multiplicado en todas as comunidades autónomas. Dos 2441 salóns que existían en todo o país no ano 2014, acadaron 3132 en 2017.

Este aumento significativo das salas de xogo, unido a que en Galicia temos unha regulación obsoleta, pendente de redactar de novo (lembraremos que cada territorio posúe unha lei de xogo, sobre drogodependencias e outros trastornos adictivos, variando o nome segundo a comunidade), e ademais, que cada concello posúe unha normativa específica sobre ordenación urbanística, que deu lugar a que existan casas de apostas ou salas de xogo situadas xusto en fronte de colexios, institutos e centros xuvenís, é necesario recoñecer que unha proximidade a este tipo de centros que, segundo diferentes expertos normaliza a súa presenza e fai que os menores consideren este tipo de negocios aptos para o seu acceso, facilita, en certa medida, o inicio no xogo dos cidadáns.

Por todo iso, dende Ciudadanos consideramos que a prevención é tan necesaria, que adiantarse ao problema dentro das competencias municipais, é un deber que non debemos obviar e polo cal rogamos:

Que o Goberno de Cambre:

1. Leve a cabo as modificacións precisas na normativa sobre planificación urbanística co fin de prohibir a apertura de casas de apostas e xogo nas proximidades de centros escolares, institutos, centros xuvenís e edificios públicos con alto tránsito de menores de idade.
2. Desenvolver campañas de concienciación para os proxenitores e os menores de idade sobre os riscos que entraña o xogo e as altas cifras de ludopatía que se están rexistrando entre a mocidade.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, acepta trasladar á empresa redactora do Plan xeral o estudo deste tema para valoralo e, de ser posible, regulalo.

2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:13:58

Lee o rogo dona M^a José García Hidalgo.

Dende Ciudadanos temos lamentado publicamente en varias ocasións o escaso espazo que se nos permite aos grupos da oposición no “xornal” municipal ‘Novas de Cambre’. Entre 180 e 200 palabras como se dun twett se tratase.

Esta publicación necesita mellorar en moitos aspectos, vostedes o saben e agardamos que así sexa.

Non obstante, cremos que se debería dar un primeiro paso na próxima edición, no que ao espazo destinado aos grupos municipais se refire:

1. Destinar dúas páxinas da publicación ao espazo que actualmente teñen os seis grupos políticos da Corporación municipal.
2. Cada páxina dará cabida a tres grupos políticos, con espazos iguais para todos e permitindo a cada un deles acompañar o texto dunha fotografía.
3. As páxinas serán o reverso dunha e a cara da seguinte, de forma que ao chegar ás páxinas se poidan ver os seis artigos coa publicación aberta.

Estes cambios puntuais na próxima edición, achegaríannos a un trato algo máis xusto e a unha maior participación do resto dos grupos.

Polo tanto, rogamos:

Se apliquen estes cambios na seguinte edición de '*Novas de Cambre*'.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, acepta o rogo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/8317 o día 26 de novembro de 2018.

1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:18:55

Lee a pregunta don Manuel M^a Mora Pita da Veiga.

Numerosos veciños do Temple e A Barcala amosaron as súas queixas aos membros do Grupo Municipal Popular respecto das pintadas que campan ao longo e ancho destes dous enclaves cambreses.

Achéganse fotografías que demostran o estado no que se atopan algúns inmobles de ambos lugares.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno sobre os plans previstos para evitar e/ou acabar coas pintadas existentes.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:20:22

Lee a pregunta dona Rocío Vila Díaz.

Todos os veciños de Cambre estamos sufrindo, constantemente, fallos na subministración de luz nas nosas vías públicas, convertendo as nosas rúas, camiños e espazos públicos en tétricos lugares onde a inseguridade é patente. Problema que, lonxe de solucionarse, tense incrementado nos últimos meses, pois cada vez hai máis apagamentos de luz, máis constantes e en máis lugares.

Situación que non se entende cando, para maior gloria, acábase de renovar a contratación coa mesma empresa.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno cal son os auténticos motivos dos constantes cortes de luz que sufrimos os cambreses nas nosas rúas, camiños e lugares públicos, e cales son as medidas que se van adoptar no futuro máis inmediato para evitar que os ditos cortes sigan producíndose.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:22:43

Lee a pregunta don Manuel Rivas Caridad.

Veciños do lugar de Lendoiro, na parroquia de Cecebre, puxéronse en contacto con membros do Grupo Municipal Popular para poñer de manifesto o estado no que se atopa o río Gándara ao seu paso polo dito lugar, requirindo información sobre as actuacións realizadas polos servizos municipais para mellorar o seu estado de limpeza, así como as xestións levadas a cabo ante o organismo autónomo Augas de Galicia.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se requira á concelleira competente que informe á Corporación sobre tales extremos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 27 de novembro de 2018, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/2880 o mesmo día 27, xunto cos rogos presentados para este pleno.

Faise constar que, dado que estas preguntas non se teñen presentado no prazo de dous días de antelación ao de realización da sesión ordinaria, tal e como establece o artigo 115.1.g) do Regulamento orgánico municipal, dáse lectura ás preguntas para xeral coñecemento, se ben serán contestadas na vindeira sesión que teña lugar.

1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:26:48

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Ante a chegada do outono e as conseguíntes choivas, o grupo municipal de ACdC pregunta ao Goberno municipal se puxo, ou ten pensado poñer en marcha, algún plan de limpeza dos sumidoiros a través da activación dos medios necesarios e suficientes para evitar inundacións.

2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:27:12

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

A protección do réxime das augas realízase basicamente mediante a protección de dominio público hidráulico para o que se delimitan.

Na zona do Temple, onde comeza o entubamento do regato de San Pedro, existe un cercado que non respecta a zona de servidume legalmente establecida por lei, impedindo o seu paso e circulación de persoas pola dita zona de servidume.

Ten o Goberno coñecemento da situación, e ten actuado respecto dela?

3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:27:44

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Como consecuencia das obras relativas á reordenación da rúa O Balado, un poste de madeira que sustenta liñas de subministración atópase en estado de posible derrubamento e alto grao de perigo.

Tal e como se pode observar nas fotografías achegadas, na súa base ten cintas sinalizadoras, polo que entendemos que alguén observou o seu perigo, pero non existe sinalización ningunha nin tan sequera uns valos de protección que eviten que un peón se poida achegar a el.

Tendo claro que existe perigo de derrubamento e por non estar correctamente sinalizado, preguntamos á responsable do departamento de obras por que motivos un poste que se atopa a 100 metros do seu despacho non é inmediatamente asegurado e sinalizado ata que a compañía responsable o retire ou asegure, segundo proceda?

(Entendemos que á recepción desta pregunta porán en marcha as medidas necesarias para a protección da seguridade viaria nesta situación perigosa).

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia